



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE DEZ DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E UN
(ACTA NÚMERO 48)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luis Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **dez de decembro de dous mil vinte e un**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten a Sra. Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón sendo desculpada a sua ausencia polo Presidente e a Sra. Deputada dona Mayra García Bermúdez.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA TRES DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día tres de decembro de dous mil vinte e un que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DIXITALIZACIÓN DA SERIE DO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE LUGO ENTRE OS ANOS 1834 E 1961, COFINANCIADA CO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 2 de decembro de 2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Providencia de inicio, con CSV: IV7FWOBKJ36ZZJESU5IS6MSE4Q.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7FWOBLLX4IRNNSQVGU4DSFGU.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7FSKCIPAB733XC4QU555RQEY.

Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7FQ4K6HJF3QRF57X6MEFR7LY.



Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7FQ4K4JYVOJHNSIXDIJYRAE.

Informe de fiscalización/intervención previa limitada del expediente, con CSV: IV7FSL7SD5UNJ7OJUJGFOBJOL4.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7FSKALZEU6TDVYCI4WGUZ7EU.

Acordo da Xunta de Goberno de data 8 de outubro de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7FTXAKNFGM72HLQZUD4DSP6I.

Acta da Mesa de Contratación do día 27 de outubro de 2021, con CSV IV7F663O3AFPRKHSAFQUEULBNY, que acordou o seguinte:

(...) “Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores que se presentaron á presente licitación foron os seguintes:

LICITADORES
ADHOC SYNECTIC SYSTEMS, S.A.
GRUPO CAJP DOC-IT. S.L.
LIBNOVA S.L.
NORMADAT, S.A.
REPROUDLET S.L.
SEVERIANO SERVICIO MÓVIL, S.A.
VINFRA S.A.
XERCODE MEDIA SOFTWARE, S.L.

Pola Servizo de Contratación, explicouse que as empresas presentaron correctamente o Anexo I, excepto as empresas ADHOC Synectic Systems, S.A. e Reproudlet S.L.” (...)

Acta da Mesa de Contratación do día 3 de novembro de 2021, con CSV: IV7F7W7Z2FG2JLXCYPQE57XOM:

“Polo Servizo de Contratación infórmase de que os licitadores que foron requiridos para subsanación do Anexo I (modelo de declaración responsable sobre o cumprimento de requisitos previos), responderon en forma e prazo:

ADHOC Synectic Systems, S.A. presentou un modelo Anexo I asinado que inclúe o punto 16.

Reproutlet S.L. presentou un modelo Anexo I asinado.

Polo Servizo de Contratación explícase, así mesmo, que solicitouse á Plataforma de Contratos do Sector Público informe sobre a validez do certificado de Reproutlet S.L. no momento da sinatura, sen recibir resposta desta, polo que procedeuse a realizar a comprobación que se explica no informe asinado polo Adxunto á Xefa de Servizo de Comunicación e TICs e o Xefe do servizo de Contratación e Fomento, que conclúe:

“Segundo esta información, o certificado utilizado para a presentación da proposta foi emitido por unha entidade de autorización de certificados válida (FNMT), representando e identificando da empresa Reproutlet SL con CIF B70231972 que foi a que presentou oferta no concurso 2021/CON_02/000071, e que era válido no momento da presentación da documentación (21 de outubro de 2021 ás 17:04 segundo consta na plataforma de contratación) e até a data da súa revogación, o 25 de outubro de 2021 ás 11:43”.

A Mesa de Contratación, á vista do exposto, acorda admitir á licitación todas as ofertas presentadas. A Mesa de Contratación acorda proceder á apertura dos sobres B. Debido a problemas técnicos non é posible realizar a apertura pública nese momento, polo que sendo as 8:53 horas se acorda un receso ata que se solucione.

Reanúdase a sesión ás 8:58 horas, procedendo á apertura pública dos sobres B, relativos aos criterios de adjudicación avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas, cos seguintes resultados:



LICITADORES	PREZO unitario páxina (IVE non incluído). Máximo 0,55 €	PUNTOS PREZO	REDUCION PRAZO entrega sobre o prazo máximo (150 días)	PUNTOS PRAZO	TOTAL PUNTUACIÓN
ADHOC SYNECTIC SYSTEMS, S.A.	0,32 €	55	60	16	71
GRUPO CAJP DOC-IT. S.L.	0,39 €	45,13	52	13,87	59
LIBNOVA S.L.	0,28 €	62,86	50	13,33	76,19
NORMADAT, S.A.	0,52 €	33,85	14	3,73	37,58
REPROUTLET S.L.	0,30 €	58,67	30	8	66,67
SEVERIANO SERVICIO MÓVIL, S.A.U.	0,30 €	58,67	75	20	78,67
VINFRA S.A.	0,219 €	80	55	14,67	94,67
XERCODE MEDIA SOFTWARE, S.L.	0,34 €	51,76	75	20	71,76

*A efectos de valoración das ofertas, se aplicará o redondeo de dous decimais.

Acto seguido procédese á comprobación de se algunha das propostas está incursa en valores anormais ou desproporcionados en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, co resultado de que a oferta presentada por Vinfra S.A. está incursa:

LICITADORES	IMPORTE OFERTA	IMPORTE BAIXA	PORCENTAXE DE BAIXA	PRIMER FILTRO	¿BAIXA TEMERARIA?
ADHOC SYNECTIC SYSTEMS, S.A.	0,32 €	0,23	41,8182%	Se incluye	No es Baja Temeraria
GRUPO CAJP DOC-IT. S.L.	0,39 €	0,16	29,0909%	No se incluye	No es Baja Temeraria
LIBNOVA S.L.	0,28 €	0,27	49,0909%	Se incluye	No es Baja Temeraria
NORMADAT, S.A.	0,52 €	0,03	5,4545%	No se incluye	No es Baja Temeraria
REPROUTLET S.L.	0,30 €	0,25	45,4545%	Se incluye	No es Baja Temeraria
SEVERIANO SERVICIO MÓVIL, S.A.U.	0,30 €	0,25	45,4545%	Se incluye	No es Baja Temeraria
VINFRA S.A.	0,22 €	0,33	60,0000%	Se incluye	Es Baja Temeraria
XERCODE MEDIA SOFTWARE, S.L.	0,34 €	0,21	38,1818%	Se incluye	No es Baja Temeraria
Medias calculadas	0,33		46,67%		Media Ofertas incluídas
Porcentaje de Baja a partir del cual se considera BAJA TEMERARIA e importe de la oferta, en valores absolutos, a partir del cual tiene esa consideración (Media Aritmética Ofertas incluídas menos 10 unidades porcentuales)					52,00%
					0,26

Á vista dos resultados, a Mesa de Contratación acorda, de conformidade co establecido no artigo 149 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP) e cláusula 13

do PCAP, conceder o trámite de audiencia á empresa Vinfra S.A. para que no prazo de 5 días hábiles, xustifique e desglose razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, custes ou calquera outro, para valoración da súa oferta e precise as súas condicións, nos aspectos particularmente sinalados no apartado 4 do artigo 149 da LCSP, que ao respecto sinala: “... en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción; as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; a innovación e orixinalidade das solucións propostas para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; o respecto de obrigas que resulten aplicables, en materia medioambiental, social ou laboral e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por debaixo do mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 LCSP; ou a posible obtención dunha axuda do Estado”, ademais do establecido na cláusula decimo terceira do PCAP que rexe a contratación deste servizo.”

Acta da Mesa de Contratación, reunida con data 16 de novembro de 2021, con CSV: IV7F2TJMDXUT56R22XYFITZGME:

(...) “Con data 4 de novembro de 2021 deuse traslado á empresa Vinfra S.A. do trámite de xustificación de oferta anormalmente baixa. A empresa presentou xustificación de oferta anormalmente baixa con data 8 de novembro de 2021, en prazo.

A Xefa do Servizo do Arquivo Xeral da Deputación de Lugo emitiu informe, con CSV: IV7FYKPPH7UZUTOCUZ7TD5RVGE, que conclúe: “que a información presentada explica o baixo nivel dos custos propostos pola empresa Vinfra, S.A, e que, polo tanto, a oferta pódese cumprir sen rebaixar a calidade da prestación do servizo”.

A Mesa acorda facer seu o informe do Arquivo Xeral e aceptar a xustificación da oferta por unanimidade dos presentes.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:



1º.- Clasificar as ofertas admitidas atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº DE ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	VINFRA S.A.	94,67
2	SEVERIANO SERVICIO MÓVIL, S.A.U.	78,67
3	LIBNOVA S.L.	76,19
4	XERCODE MEDIA SOFTWARE, S.L.	71,76
5	ADHOC SYNECTIC SYSTEMS, S.A.	71,00
6	REPROUTLET S.L.	66,67
7	GRUPO CAJP DOC-IT. S.L.	59,00
8	NORMADAT, S.A.	37,58

2º.- Requirir á empresa Vinfra S.A. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas - sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

PREZO DE ADXUDICACIÓN: 126.000 páxinas * 0,219 euros	IMPORTE DA GARANTÍA DEFINITIVA 5%
27.594 €	1.379,70 €

Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.”

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 2 de decembro de 2021, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da

Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente. Incorpórase ao expediente certificado de alta en IAE actualizado, certificado da Recadación Provincial e carta de pago da garantía. Emitiuse informe pola Arquiteira sobre a adecuación ao PPT da declaración de medios adscritos.

Tendo en conta que aos membros da Mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Vinfra S.A. a contratación do servizo de dixitalización da serie do Boletín Oficial da Provincia de Lugo entre os anos 1834 e 1961, cofinanciada co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020. 2021/CON_02/0000071, polo importe de 0,219 euros por páxina (IVE non incluído) e importe total de 27.594 euros aos que se engadirán 5.794,74 euros en concepto de IVE do 21%, o que ascende a un total de 33.388,74 euros, con redución do prazo de entrega dos traballos en 55 días, sobre o prazo máximo de 150 días.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Vinfra S.A. a contratación do servizo de dixitalización da serie do Boletín Oficial da Provincia de Lugo entre os anos 1834 e 1961, cofinanciada co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020. 2021/CON_02/0000071, polo importe de 0,219 euros por páxina (IVE non incluído) e



importe total de 27.594 euros aos que se engadirán 5.794,74 euros en concepto de IVE do 21%, o que ascende a un total de 33.388,74 euros, con redución do prazo de entrega dos traballos en 55 días, sobre o prazo máximo de 150 días.

2º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

3º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

4º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE COLABORACIÓN COA INTERVENCIÓN PROVINCIAL NO EXERCICIO DE ACTUACIÓNS DE CONTROL FINANCEIRO EN MATERIA DE SUBVENCÍONS, DENTRO DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a acta da Mesa de Contratación do día 2 de decembro de 2021, na que se recolle o seguinte:

“Antecedentes:

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7E7S2PPYXOJFJ6ZVP4CQYV5Y.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7EGPH33IRLJTZS6DQVK5ZEFY.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7E7S23FR54ZXX76JFBGIYSN4.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV: IV7EHQACDIPNSWMSXRAWHEADSMY.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7EHQA33V45VCN24ZECENCOIE.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7EHQILPFPJ6SRKSU7XCACV4M.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7EHXRIP5POJNOTYRXSMNSB4E.

Acordo da Xunta de Goberno de data 27 de agosto de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7FU6SYJZ6T7CP42EQRAYQOP4.

Anuncio de licitación, publicado na plataforma de contratación do sector público o día 27 de agosto de 2021.

Acta da Mesa de Contratación do día 16 de setembro de 2021, con CSV IV7FQ4IMHNPYVXRJ7QM47HKM que recollen as seguintes consideracións:

“Pola Presidencia dáse conta de que a licitación de referencia se presentaron as seguintes empresas:

A3M AUDITORES & CONSULTORES DEL NOROESTE S.L.
BM MEIRA AUDITORES SLP
GLOBAL & LOCAL AUDIT S.L.
K4 IBÉRICA AUDITORES S.L.P.
SERVICIOS EMPRESARIALES ARQUÍMEDES S.L.P.

Vista a documentación presentada polos licitadores nos sobres “A”, apréciase que todas as empresas concorrentes presentan o Anexo I, en tempo e forma, acórdase admitilas a todas e proceder á apertura en acto público, a través da retransmisión en streaming do sobre B, cos seguintes resultados:



LICITADORES	PREZO OFERTADO	REDUCCIÓN PRAZO EXECUCIÓN
A3M AUDITORES & CONSULTORES DEL NOROESTES.L.	732,05 €	5
BM MEIRA AUDITOROES SLP	653,40	5
GLOBAL & LOCAL AUDIT S.L.	769,56	5
K4 IBÉRICA AUDITORES S.L.P.	791,55	5
SERVICIOS EMPRESARIALES ARQUÍMEDES S.L.P.	544,50	5

Acto seguido procédese á valoración das propostas presentadas, atendendo as fórmulas matemáticas recollidas no PCAP, cos seguintes resultados:

LICITADORES	NOTA PREZO OFERTADO	NOTA REDUCCIÓN PRAZO EXECUCIÓN	NOTA TOTAL
A3M AUDITORES & CONSULTORES DEL NOROESTE S.L.	66,94	10	76,94
BM MEIRA AUDITOROES SLP	75	10	85
GLOBAL & LOCAL AUDIT S.L.	63,68	10	73,68
K4 IBÉRICA AUDITORES S.L.P.	61,91	10	71,91
SERVICIOS EMPRESARIALES ARQUÍMEDES S.L.P.	90	10	100

A continuación realizouse o cálculo para identificar a existencia de posibles baixas desproporcionadas ou anormais, constatando que a oferta da empresa Servicios Empresariales Arquímedes S.L.P., pode estar incurso en valores anormais ou desproporcionados en relación co criterio prezo, atendendo aos seguintes cálculos:

Precio Base de Licitación: 1.055,39

OFERTAS PRESENTADAS	Importe Oferta	Importe de la Baja	Porcentaje de Baja sobre precio base licitación	Primer Filtro	Baja temeraria
1	732,05	323,34	30,6370%	Se incluye	No es Baja Temeraria
2	653,40	401,99	38,0892%	Se incluye	No es Baja Temeraria
3	769,56	285,83	27,0829%	No se incluye	No es Baja Temeraria
4	791,55	263,84	24,9993%	No se incluye	No es Baja Temeraria
SERVICIOS EMPRESARIALES ARQUÍMEDES, S.L.	544,50	510,89	48,4077%	Se incluye	Es Baja Temeraria
Medias calculadas	698,21	357,18	39,04%	643,32	Media Ofertas incluídas
Porcentaje de Baja a partir del cual se considera BAJA TEMERARIA e importe de la oferta, en valores absolutos, a partir del cual tiene esa consideración (Media Aritmética Ofertas incluídas menos 10 unidades porcentuales)	45,14%	578,99			

Pola Presidencia explicouse que, nestas licitacións tramitadas por procedemento simplificado “sumario”, o artigo 159.4 da LCSP dispón que, logo da avaliación, clasificación de ofertas e proposta de adxudicación a favor do candidato con mellor puntuación, no caso de que a oferta do licitador que obtivera mellor puntuación se presuma que é anormalmente baixa, se seguirá o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP, se ben o prazo máximo para que xustifique a súa oferta o licitador non poderá superar os 5 días hábiles desde o envío da correspondente comunicación.

Neste procedemento simplificado “sumario” a Lei permite que se acumule, respecto do licitador que obtivo mellor puntuación a solicitude de documentación que non conste nos rexistros de licitadores, co trámite de xustificación da oferta desproporcionada ou anormalmente baixa, polo que a mesa de contratación acorda requirir simultaneamente a evacuación de ambos trámites.

No caso de que a empresa proposta non xustifique a súa proposición e sexa excluída, pasará ao seguinte licitador. Neste caso, convocaríase unha nova mesa de contratación.

De xustificar adecuadamente a oferta presentada, en termos que deba ser admitida a súa proposición, entenderase, automaticamente, salvado o condicionante establecido, de sorte que se continuará coa tramitación, aos efectos de adxudicar e formalizar o contrato.

A mesa de contratación, acordou por unanimidade:

Conceder o trámite de xustificación das ofertas presentadas, previsto no art. 149.4 da LCSP, en relación coa cláusula décimo terceira do PCAP que rexe esta licitación, por un prazo non superior a 5 días hábiles, ao licitador que obtivo a mellor puntuación (Servicios Empresariales Arquímedes S.L.P.), ao encontrarse en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa.

Requirir, no caso de que sexa precisa, á empresa Servicios Empresariales Arquímedes S.L.P., a documentación adicional que complemente a información extraída da consulta do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) ou do Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia (RXC), que deberá aportarse no prazo de sete días hábiles, pola empresa que obtivo maior puntuación, de conformidade co artigo 159.4 da LCSP.”



Consta no expediente audiencia ao contratista cursada a través da plataforma de contratación do sector público o día 28 de setembro de 2021.

A empresa Servicios Empresariales Arquímedes S.L.P. presenta xustificación da oferta a través da plataforma de contratación do sector público o día 04 de outubro de 2021.

Consta no expediente informe sobre a xustificación da oferta anormalmente baixa, con CSV: IV7F6WHTPVXCV76T5T5GALSRMQ.

Acta da mesa de contratación do día 29 de outubro, na que se recolle o seguinte:

“Deuse conta do informe emitido pola Intervención Xeral que forma parte do expediente, que se reproduce acto seguido:

“I.-Antecedentes.

Con data 13 de outubro de 2021 foi asignado a Intervención Provincial tramitación, dentro do expediente nº 2021/CON_02/000061, para informe técnico relativo a xustificación de baixa anormal ou desproporcionada posta de manifestó na reunión da Mesa de contratación do 16 de setembro de 2021 co obxecto de proceder ao estudo das propostas presentadas para a contratación dos servizos de colaboración coa Intervención Provincial no exercicio de actuación de control financeiro en materia de subvencións dentro do PACF respecto da oferta presentada pola empresa Servizos Empresariales Arquímedes S.L.P.

De acordo co anterior e de conformidade co art.149.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP) unha vez aportada documentación xustificativa pola referida empresa a requerimento da Deputación remítese a mesma a esta Intervención para o seu análise e asesoramento técnico a Mesa de Contratación.

II.-Normativa de Aplicación.

Constitución de 1978.

Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014. (LCSP).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. (RGLCAP).

XVII Convenio Colectivo Estatal das empresas de consultoría e estudos de mercado da opinión pública 2010-2019.

Pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.

III.-Consideracións.

O noso ordenamento xurídico, e máis concretamente a LCSP e o RGLCAP, contempla o suposto en que no seo dunha licitación pública unha proposición económica poida conter valores anormais ou desproporcionados, así como os trámites para realizar e o procedemento para seguir na devandita situación.

Neste sentido, dispón o art. 102.3 da LCSP, que los órganos de contratación coidarán de que o prezo sexa adecuado para o efectivo cumprimento do contrato mediante a correcta estimación do seu importe, atendendo ao prezo xeral de mercado, no momento de fixar o orzamento base de licitación e a aplicación, no seu caso, das normas sobre ofertas con valores anormais ou desproporcionados”.

Como xa sinalou o Tribunal Administrativo Central de Recurso Contractuais (TACRC) na súa Resolución 32/2012, do 26 de xaneiro, o que se persegue co rexeitamento das proposicións anormais ou desproporcionadas é garantir a execución do contrato, facendo efectivo o principio de eficiencia e necesidade do contrato plasmado nas normas que regulan a contratación pública, evitando así que a execución do mesmo frústrese como consecuencia dunha proposición que en



atención aos seus valores sexa desproporcionada, non cumpríndose o fin institucional que se persegue con este.

É doutrina consolidada do TACRC, servindo de exemplo o pronunciamento contido na súa Resolución do 9 de febreiro de 2011, que: “a apreciación de que a oferta contén valores anormais ou desproporcionados non é un fin en si mesmas, senón un indicio para establecer que a proposición non pode ser cumprida como consecuencia diso e que, por tanto, non debe facerse a adxudicación a quen a presentase. De acordo con iso a apreciación de se é posible o cumprimento da proposición, ou non, debe ser consecuencia da valoración dos diferentes elementos que concorren na oferta e das características da propia empresa licitadora, non sendo posible a súa apreciación automática. (...) en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas achegadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas (...).

En definitiva a decisión sobre se a oferta pode cumprirse ou non corresponde ao órgano de contratación sopesando as alegacións formuladas pola empresa licitadora e os informes emitidos polos servizos técnicos. Evidentemente nin as alegacións mencionadas nin os informes teñen carácter vinculante para o órgano de contratación que debe sopesar adecuadamente ambos e adoptar a súa decisión en base a eles”.

Dadas as dificultades innatas a valoración da xustificación dunha oferta anormalmente baixa a oferta económica con valor anormal ou desproporcionado é un concepto no que entra en xogo unha presunción “*iuris tantum*”, é dicir, que pode ser desvirtuada pola xustificación que, no seu caso, achegue o licitador, e que unicamente poderá ser desestimada polo órgano de contratación no caso en que considere que non está suficientemente garantido que co prezo ofertado pódase realizar a prestación contratada, en forma óptima . A motivación do órgano de contratación neste caso é de suma importancia, xa que será esta a que supervisen os tribunais de xustiza ante unha eventual demanda por exclusión do licitador do procedemento. A falta de motivación podería supoñer a vulneración dos dereitos dos licitadores afectados.

Entre as xustificacións que deben achegarse necesariamente deben atoparse as estipuladas no art 149 LCSP que en concreto son as seguintes:

A xustificación das condicións da oferta que fan que teña o baixo nivel de prezo.

Unha desagregación razoada e detallada do baixo nivel dos prezos ofertados.

O aforro que permita a proposición polos servizos prestados.

As solucións técnicas adoptadas e as condicións opón excepcionalmente favorables de que dispoñan as empresas para prestar os servizos nos prezos ofertados.

A innovación e orixinalidade das solucións para prestar os servizos ofertados.

A xustificación de que se cumpren as obrigacións laborais, especialmente o cumprimento do convenio colectivo sectorial nos prezos ofertados.

A xustificación de que se cumpren as obrigacións sociais nos prezos ofertados".

E na cláusula 13ª do PCAP determinase, asimismo, que:

Os criterios obxectivos a empregar para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta, serán os seguintes:

a) Axeitada xustificación dos prezos ofertados, que comprenderá, polo menos, unha explicación detallada e pormenorizada dos mesmos en relación á prestación que constitúe o obxecto do contrato.

b) Medios persoais e materiais de que dispoña a empresa, ademais dos adscritos ao contrato, en relación co volume de servizos contratados e cuxa execución resulte coetánea no tempo á prestación reitoria deste contrato.



c) Estrutura organizativa da empresa, sistemas e técnicas de traballo implantados, protocolos operativos que permitan acadar o resultado perseguido (prestacións contractuais dentro do prazo establecido) ao prezo ofertado.

d) Relación entre a solvencia acreditada da empresa e a oferta presentada.

e) Entenderase que existen valores anormais ou desproporcionados na oferta, debendo rexeitarse, nos casos en que na valoración da xustificación da baixa se comprobe que o prezo anormalmente baixo ou desproporcionado resulta do incumprimento da lexislación laboral da Unión Europea en Materia social, laboral ou medio ambiental, de disposicións do dereito laboral internacional ou do dereito nacional en estas materias, tendo en conta o establecido no artigo 69.3 da Directiva 2014/24/UE do Parlamento e do Consello de 26/02/2014, en relación co artigo 18.2 da devandita Directiva.

f) Ademais a mesa pedirá aos licitadores, xustificación dos valores precisados no artigo 149.4 LCSP.

En todo caso, o órgano de contratación, previo informe dos servizos técnicos e a proposta da Mesa de Contratación, rexeitará as ofertas se comproba que son anormalmente baixas porque vulneran a normativa sobre subcontratación ou non cumpren as obrigacións aplicables en materia ambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes, en aplicación do establecido no artigo 201 da LCSP.

Entenderase en todo caso que a xustificación non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador cando esta sexa incompleta ou se fundamente en hipótese ou prácticas inadecuadas desde o punto de vista técnico, xurídico ou económico.

Da documentación presentada pola empresa Servizos Empresariales Arquímedes S.L.P. podemos realizar as seguintes consideracións:

En primeiro lugar manifesta, respecto do custo de persoal, que da súa estrutura como sociedade limitada profesional derivase que os socios da mesma son os traballadores e que a finalidade última da empresa non é a obtención dun beneficio societario senón a canalización do traballo aos socios profesionais, podendo minorar a partida de beneficio industrial baixo decisión

empresarial e que a determinación do prezo fundamentase nas horas de dedicación do persoal multiplicadas polo prezo/hora.

E concretamente manifesta o seguinte respecto da do prezo/hora do titulado superior (Director-Socio ROAC):

“Dado el nivel de detalle que se propone en el pliego para los costes necesarios para la ejecución del trabajo, hemos planteado nuestra oferta aplicando nuestro precio unitario atendiendo a dicho desglose de horas propuesto en el pliego.

Director- Socio ROAC:

Ciñéndonos al convenio colectivo, el coste hora que establece en su tabla salarial y el plus de convenio para los Titulados Superiores es: 13.99 €/hora (cotización seguridad social excluida).

Dicha exclusión, se debe, como hemos comentado anteriormente a que nuestra empresa es una Sociedad Limitada Personal, donde se pretende el trabajo de sus socios. En este caso, no se tiene en cuenta el coste de la Seguridad Social, ya que el socio tiene la condición de autónomo

Dicho cálculo es el resultante de la tabla salarial para un Titulado Superior al año, y la jornada ordinaria máxima de trabajo efectivo permitido (de cómputo anual) estableciéndose esta en 1.800 horas/año.

DETERMINACIÓN COSTE PERSONAL	
SALARIO JEFE DE EQUIPO	25.189,02 €
SEGURIDAD SOCIAL JEFE DE EQUIPO	- €
TOTAL	25.189,02 €
Nº HORAS ANUALES	1.800,00 €
COSTE HORA	13,99 €

“E dicir, que a rebaixa no custe unitario de persoal se fundamenta na supresión do custe de seguridade social debido, segundo o licitador,a que o Socio ten o carácter de autónomo. Esto va en contra da regulación establecida no R.D.L. 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Seguridade Social (arts 7.1.b, 10.2.a, 15, 16, 18.1 e 305 e ss).

Por outra parte, respecto dos outros custes directos determinados no prego de prescricións técnicas (ordenador, telefonía...) o licitador non fai referencia algunha ao seu computo de forma



que non se teñen en conta na cuantificación da súa oferta sen xustificar o fundamento deste feito o mesmo que podemos determinar respecto do capítulo de dietas e desprazamentos o que supón unha limitación a consecución do obxecto dos servizos a contratar tal como están delimitados no expediente de contratación e na normativa de aplicación ao obxecto da contratación.

Desta forma ca supresión do custo de Seguridade Social e dos outros custe directos e de dietas e desprazamentos e como o licitador forma a súa oferta o cal, na miña opinión, non pode considerarse como unha adecuada xustificación da dita baixa segundo as consideracións manifestadas e de acordo co establecido no art.149.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na cláusula 13ª do PCAP.

IV.-Conclusión.

A vista da normativa de aplicación e o contido da documentación xustificativa presentada pola empresa en contestación ao requerimento efectuado pola Deputación Provincial ase como das anteriores consideracións, enténdese que na oferta presentada no procedemento de licitación do expediente 2021/CON_02/000061 pola empresa Servizos Empresariales Arquímedes S.L.P non se xustifica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador.”

A mesa de contratación acorda aceptar o informe técnico e facelo seu, e consecuentemente elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Rexeitar a proposta presentada por Servicios Empresariales Arquímedes S.L.P., ao considerar que coa documentación achegada non se xustifica a viabilidade da oferta.

Clasificar as ofertas atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº ORDE	LICITADORES	NOTA TOTAL
1	BM MEIRA AUDITOROES SLP	85
2	A3M AUDITORES & CONSULTORES DEL NOROESTE S.L.	76,94
3	GLOBAL & LOCAL AUDIT S.L.	73,68
4	K4 IBÉRICA AUDITORES S.L.P.	71,91

Requirir, no caso de que sexa precisa, á empresa BM Meira Auditores S.L.P., a documentación adicional que complemente a información extraída da consulta do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) ou do Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia (RXC), que deberá aportarse no prazo de sete días hábiles, pola empresa que obtivo maior puntuación, de conformidade co artigo 159.4 da LCSP.”

Por Resolución da Presidencia con CSV: IV7FYHD2NHW55PVYCVNQ44LVEQ, do día 10 de novembro de 2021, acéptase a proposta da mesa de contratación. Dita resolución notifícase a todos os interesados a través da plataforma de contratación do sector público o día 15 de novembro de 2021.

Acta da Mesa de Contratación do día 19 de novembro de 2021, con CSV: IV7F2ED4BLXOTH6DAYYGJHSBY, na que se recolle o seguinte:

“Deuse conta aos asistentes de que a mesa de contratación, na súa sesión anterior acordou, requirir, no caso de que sexa preciso, á empresa BM Neira Auditores S.L.P., a documentación adicional que complemente a información extraída da consulta do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) ou do Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia (RXC), que deberá aportarse no prazo de sete días hábiles, pola empresa que obtivo maior puntuación, de conformidade co artigo 159.4 da LCSP.

Por parte do Servizo de Contratación e Fomento infórmase de que consta acreditada no expediente trala consulta de oficio, a inscrición no rolece da empresa proposta como adxudicataria, a inscrición no ROAC, os certificados de estar ao corrente de débedas (coa Axencia Tributaria, Seguridade Social e Deputación de Lugo) e a alta no IAE, no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato.

Vista a documentación que consta no expediente, a mesa de contratación acorda requirir á empresa BM Neira Auditores S.L.P., a acreditación da efectiva adscripción ao obxecto do contrato do seguinte equipo de traballo:



Un encargado ou xefe de equipo con título superior universitario oficial, que ampare o nivel de coñecemento que habilite profesionalmente para realizar os traballos en que consiste o obxecto do contrato.”

En cumprimento do acordo da mesa de contratación, o Servizo de Contratación e Fomento cursou requiri-mento á empresa BM Neira Auditores, a través da plataforma de contratos do sector público, o día 23 de novembro de 2021. A empresa atendeu ao requirimento achegando documentación a través da plataforma de contratación do sector público o día 24 de novembro de 2021.

Na data de hoxe, en primeiro dáse conta aos asistentes do Informe da Intervención Xeral, con CSV: IV7FEULSAERCRRJ5YE5HEJC6LY, no que se conclúe que: “ á vista da normativa de aplicación e o contido da documentación xustificativa presentada pola empresa en contestación ao requerimento efectuado pola Deputación Provincial así como das anteriores consideracións, enténdese que o requerimento foi debidamente cumprido por BM Neira Auditores S.L.P. e polo tanto, procede a admisión de dita documentación”

A mesa de contratación acepta o informe técnico facéndoo seu, e consecuentemente acorda elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta:

Adxudicar á empresa BM Neira Auditores S.L. a contratación do servizo de colaboración coa Intervención Provincial no exercicio de actuacións de control financeiro en materia de subvencións dentro do plan anual de control financeiro por importe máximo de 6.977,78 euros aos que se aplicará un IVE do 21%, 1.465,33 euros, o que fai un total de 8.443,11 euros, sendo o prezo unitario por informe de 540 euros, aos que se aplicará un IVE do 21%, 113,40 euros, o que fai un total de 653,40 euros.”

Polo que vai dito, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa BM Neira Auditores S.L. a contratación do servizo de colaboración coa Intervención Provincial no exercicio de actuacións de control financeiro en materia de subvencións dentro do plan anual de control financeiro por importe máximo de 6.977,78

euros aos que se aplicará un IVE do 21%, 1.465,33 euros, o que fai un total de 8.443,11 euros, sendo o prezo unitario por informe de 540,00 euros, aos que se aplicará un IVE do 21%, 113,40 euros, o que fai un total de 653,40 euros.

2º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

3º.- Instar á formalización do contrato, que se efectuará pola firma da aceptación polo contra-tista da resolución de adxudicación, conforme ao previsto no artigo 159.6 letra g) da LCSP.

4º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA EN RELACIÓN COA CONTRATACIÓN DA OBRA: LUGO.- REPARACIÓN DE FACHADAS DO PAZO PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: LUGO.- Reparación de fachadas Pazo Provincial, consta no mesmo:

Certificado da Xunta de Goberno de data 03/12/2021, relativo ao acordo de deixar deserta a licitación por procedemento aberto efectuada a fin de contratar as obras indicadas.

Informe da Unidade de Proxectos, relativo ao mantemento da documentación da licitación declarada deserta.

Proxecto da obra LUGO.- Reparación de fachadas Pazo Provincial, redactado por D^a Ana Belén Mera Arias, Técnica Superior en Edificación e Obras.



Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7E3QHMCFPZ4WH2TQXBGUAQ4A.

Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7E3QHMINZNTZTXMYRVW553U6U.

Acta de Reformulo Previo, levantada en data 30/07/2021.

Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7FGWQ5AAVI7JEMSNU5IIPNY.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7FGTJSGF6YRX7JA7YX6VSQGY.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7FGTI2BL7L3PBN4D6MCB7AGU.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e das obras de: LUGO.- Reparación de fachadas pazo provincial, dado que o proxecto consta aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 20/08/2021.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento negociado sen publicidade, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168 a) apartado 2º, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante convite a Construcciones y Revestimientos Fernando Vassalo SLU; Coto Estudios y Construcciones SL e Construcciones Couso Soto SL, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para que curse convite aos licitadores, concedéndolle un prazo para presentación de ofertas na fase 1 ata as 23.59h do día 15-12-2021. O prazo para presentación na fase 2, de negociación, será o indicado no convite.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 120.000,00 €, dos cales 20.826,45 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COA VERIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNES ESTABLECIDAS NA AUTORIZACIÓN DE CESIÓN DO CONTRATO DE EXECUCIÓN DA OBRA LUGO.- DESDOBRAMENTO E HUMANIZACIÓN DA AVENIDA INFANTA ELENA, DUQUESA DE LUGO. TRAMO GLORIETA RONDA NORTE- GLORIETA 25 DE NOVIEMBRE.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, o que prestou conformidade a Secretaría Xeral, que, entre outros extremos, contén o seguinte:

“(…)

Antecedentes.

Contrato administrativo formalizado con data 21/05/2019 coa mercantil Obras, Pavimentos e Instalaciones Industriales SL.

Acta de comprobación de replanteo de data 11/06/2021 en disconformidade polo contratista, presentando escrito de reservas e observacións á mesma.

Acta de comprobación de replanteo de data 07/09/2021, dándose comezo ao prazo de execución das obras.

Acta de suspensión total da obra, de data 30 de novembro de 2017.

Escrito manifestando o interese na cesión do contrato da obra, con RE nº 2021RT016471 de data 25/10/2021, indicando como cesionaria a empresa Ovisa Pavimentos y Obras SLU, a cal asina de conformidade.

Informe do Director Técnico de data 28/10/2021 con CSV: IV7F66KJJF6TRPXC3QY5GV3OKE.



Desde a Deputación en data 04/11/2021, por escrito con RXS número 2021RPS013632, solicítase a acreditación da clasificación e acreditacion de non atoparse incurso en causas de prohibición para contratar coa administación, á mercantil proposta.

A mercantil indicada como cesionaria presenta escrito con rexistro de entrada número 2021RT17221 (Expte 2021/PES_03/023226) coa que achega a clasificación e as condicións de aptitude para contratar coa administración e para asumir o contrato de referencia.

Acordo da Xunta de Goberno, de data 19/11/2021, autorizando a cesión do devandito contrato, condicionada á achega por parte das interesadas da formalización da cesión en escritura pública e da achega do aval por importe de 42.594,08 €.

Lexislación aplicable.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (9/2017 LCSP) (Disposición Transitoria Primeira).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.

Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa (LXCA).

Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e súa internacionalización.

Restantes disposicións de Xeral e Concordante aplicación.

Consideracións xurídico- administrativas.

Primeira.- A cesión dos contratos réxese polo disposto no artigo 214 da LCSP, téndose autorizado pola Xunta de goberno con data de 19/11/2021, dacordo coa habilitación do PCAP, nas

condicións establecidas legalmente; e dicir, baixo a condición da elevación a público do acordo e remisión do resgardo da constitución da garantía.

Segunda.- Respecto do cumprimento das condicións da autorización da cesión consta:

Escrito da cesionaria de 02/12/2021, no que aporta carta de pago relativa á garantía definitiva e escritura de elevación a público do acordo de cesión (expediente 2021/PES_03/025005).

Terceira.- Cumprido o requisito de elevación a público, e respecto da garantía sinala a normativa que a mesma se constituirá so no caso de que o órgano de contratación autorice a cesión e con posterioridade a dito acordo. Non se procederá á devolución ou cancelación da garantía prestada polo cedente ata que se atope formalmente constituída a do cesionario (artigo 111.4 da LCSP). Polo tanto establece esta prevención co fin de que quede preservada a finalidade da mesma, que neste caso goza da anuencia da entidade cedente.

Cuarta.- Respecto ao órgano competente, dado que se trata dunha modificación con normativa especial (novación modificativa subxectiva), con cambio da persoa contratista, de conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP número 202, de 3 de setembro de 2020).

Quinta.- O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, sinala que a emisión de informes, cando así se estableza na lexislación sectorial, é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaría Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón, a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.



Sexta.- Así pois se informa favorablemente o cumprimento dos requisitos impostos á cesión con data de 19/11/2021.

Polo antedito, proponse que a Xunta de Goberno, previa fiscalización favorable por parte da intervención xeral, adopte o seguinte acordo:

Ter por cumprimentados ós requisitos impostos con data de 19/11/2021 na autorización da cesión da obra denominada LUGO.- Desdobramento e humanización da Avenida Infanta Elena, Duquesa de Lugo. Tramo glorieta Ronda Norte-Glorieta 25 de novembro.

Proceder á devolución da garantía depositada pola mercantil Obras, Pavimentos e Instalaciones Industriales SL, referente á obra LUGO.- Desdobramento e humanización da Avenida Infanta Elena, Duquesa de Lugo. Tramo glorieta Ronda Norte-Glorieta 25 de novembro.”

Visto o informe favorable emitido pola Intervención, con CSV: IV7F2QA6OE5O5WR6WBOEKZYPLY.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Ter por cumprimentados ós requisitos impostos con data de 19/11/2021 na autorización da cesión da obra denominada LUGO.- Desdobramento e humanización da Avenida Infanta Elena, Duquesa de Lugo. Tramo glorieta Ronda Norte-Glorieta 25 de novembro.

2º.- Proceder á devolución da garantía depositada pola mercantil Obras, Pavimentos e Instalaciones Industriales SL, referente á obra LUGO.- Desdobramento e humanización da Avenida Infanta Elena, Duquesa de Lugo. Tramo glorieta Ronda Norte-Glorieta 25 de novembro.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Convenio entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo, para a realización conxunta dunha actividade, “Acondicionamento e renovación do Barrio da Pega e da rúa Río de Amalló”, para o fin común de mellora da infraestrutura viaria municipal, por importe total de 299.792,47 €, dos que 284.802,85 € serán a cargo da Deputación de Lugo e 14.989,62 € a cargo do Concello de Ribadeo; e do gasto, por importe de 284.802,85 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2021, a favor do Concello de Ribadeo, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.

O representante legal do Concello de Ribadeo solicitou, o 10 de novembro de 2021, mediante escrito presentado no Rexistro telemático desta entidade (RE nº 2021RT017230), a subscrición dun convenio interadministrativo de cooperación, para a realización conxunta dunha actividade, “Acondicionamento e renovación do Barrio da Pega e da rúa Río de Amalló”, para o fin común de mellora da infraestrutura viaria municipal.

No expediente relativo á dita solicitude constan, ademais dos documentos esixidos por esta entidade para ter en consideración a mesma:

Informe da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, do 18 de novembro de 2021, no que se estima procedente: a aprobación do texto do citado convenio e do gasto derivado da súa subscrición.



Memoria xustificativa, emitida polo centro xestor, onde constan os antecedentes e obxectivos perseguidos coa formalización do convenio, e onde se analizan: a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual e non subvencional da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na LRXSP.

Borrador do texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Certificación, emitida polo Servizo de Contabilidade e Contas, de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto que a sinatura do convenio supón para a Deputación de Lugo.

Informe favorable da Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación, relativo ao texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Á vista dos documentos e actuacións precedentes, a Unidade de Intervención manifestou a súa conformidade en informe de fiscalización limitada previa do 25 de novembro de 2021.

Tendo en conta o exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo, para a realización conxunta dunha actividade, “Acondicionamento e renovación do Barrio da Pega e da rúa Río de Amalló”, para o fin común de mellora da infraestrutura viaria municipal, por importe total de 299.792,47 €, dos que 284.802,85 € serán a cargo da Deputación de Lugo e 14.989,62 € a cargo do Concello de Ribadeo.

2º.- Aprobación do gasto, por importe de 284.802,85 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2021, a favor do Concello de Ribadeo, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Pola Área de Cooperación e Asistencia aos Concello, tramítase o procedemento para a concesión de subvencións para o Desenvolvemento do Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021, de conformidade coas Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno en sesión do 23 de xullo de 2021. A Convocatoria e Bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº 170, do 27 de xullo de 2021.

O prazo de presentación das referidas solicitudes rematou o día 27 de agosto de 2021, procedéndose pola Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, de conformidade coa base 11, á revisión e, no seu caso, requirimento da enmenda das solicitudes presentadas.

Os gastos subvencionables, ao abeiro da referida convocatoria, deberían executarse entre o 1 de xaneiro e o 31 decembro de 2021, debendo o beneficiario achegar no prazo máximo de dous meses, a contar desde a data de finalización do prazo de execución, a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada, é dicir, como máximo o 28 de febreiro de 2022; salvo que se concedese unha prórroga no prazo de execución, por razóns debidamente xustificadas, de como máximo ata o 28 de febreiro de 2022, en cuxo caso a conta xustificativa podería ser presentada ata o 28 de abril de 2022.

Considerando que a concesión das subvencións vaise realizar fóra do prazo establecido ao estar pendente a designación da Comisión de Valoración necesaria para a súa avaliación e informe, de conformidade co disposto na base 9; e que, aínda que o prazo de execución é referido desde o 1



de xaneiro de 2021, a convocatoria de subvencións xera unha expectativas de posibilidade de concesión nos solicitantes que determina que en moitos casos non se inicie a actividade subvencionada en tanto non sexa concedida a subvención, máis aínda neste caso no que pode alcanzar o 95 % do custe da actuación subvencionada cun importe máximo de 6.000 euros, é dicir, o ente convocante, neste caso a Deputación, podería financiar practicamente a totalidade da actuación que se pretende e trataríanse, na súa maior parte, de pequenos investimentos que non requiren dun gran prazo de execución, polo que é factible que as mesmas non se teñan executado ata coñecer a resolución da concesión. Se a iso engadimos o carácter dos beneficiarios, que son asociacións sen ánimo de lucro e, por tanto, con pouca capacidade de financiamento propio, salvo que tiveran outra subvención concedida para a mesma finalidade.

Considerando que a finalidade das referidas subvencións é mellorar a calidade de vida local e fomentar e dinamizar a participación veciñal e a cohesión social contribuíndo a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, axudando a fixar poboación no medio rural, cumprindo desta maneira coa competencia que o artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, reconece ás Deputacións de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social no territorio provincial.

Por todo o exposto, procede a modificación das Bases da Convocatoria para o Desenvolvemento do Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021 no sentido de ampliar o prazo de execución e, en consecuencia o de xustificación das actuacións a subvencionar, para posibilitar o cumprimento dos obxectivos que se pretenden coa convocatoria das referidas subvencións.

Visto que a referida modificación ven determinada por atrasos na tramitación das subvencións, sendo por tanto por causas alleas aos solicitantes, que ven a satisfacer o interese xeral por canto posibilita que se realicen as actuacións subvencionadas e, polo tanto o cumprimento dos obxectivos da subvención, que non se vulneran intereses de terceiros nin se altera a natureza da subvención, nin afecta ao principio de competencia.

Por todo elo, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Modificar a base 7. Gastos subvencionables no apartado 2 do Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021, cuxas Bases reguladoras foron aprobadas pola Xunta de Goberno en sesión do 23 de xullo de 2021, de forma que:

Onde di:

“2. Os gastos que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro da anualidade do 2021 (do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2021).

Poderá concederse unha prórroga do prazo de execución, por razóns debidamente xustificadas, de como máximo ata o 28 de febreiro de 2022. (...)”

Debe dicir:

“2. Os gastos que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen do 1 de xaneiro de 2021 ao 30 de xuño de 2022. (...)”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DAS SUBVENCÍONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, NA EXECUCIÓN DO PROGRAMA “O QUE NON ARDE”, NA ANUALIDADE 2021.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 24 de setembro de 2021, acordou, entre outros:

“1º.- Aprobación da convocatoria do procedemento de concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para apoiar a xestión e mantemento das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa e das faixas laterais das vías de titularidade municipal, na execución



do Programa “O que non arde”, na anualidade 2021, dotado con 60.000 € con cargo ao Orzamento Xeral do ano 2021.

2º.- Aprobación do texto das bases canalizadoras de ditas subvencións.

3º.- Aprobación dos modelos de solicitude e xustificación das devanditas subvencións.

4º.- A publicación da citada convocatoria e bases reguladoras das subvencións na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na Sede Electrónica da Deputación.”

5º.- A aprobación do gasto, polos importes e con cargo ás aplicacións orzamentarias seguintes:

50.000 €, con cargo á AO 4190.489.

10.000 €, con cargo á AO 4190.789, ambas do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2021.”

A convocatoria e as bases canalizadoras das subvencións foron publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na Sede Electrónica da Deputación de Lugo, o 29 de setembro de 2021.

Como consecuencia das ditas publicacións, recibíronse no Rexistro da Deputación 46 solicitudes de subvencións.

En cumprimento do establecido na Base 9 das canalizadoras das subvencións, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade instruíronse e tramitáronse os respectivos expedientes, revisando as solicitudes presentadas e verificando que estas contiñan a documentación esixida na Base 7.

Neste senso, cómpre ter en conta que a CMVMC Artojos e Pedrizas presentou solicitude de subvención, o 28 de outubro de 2021, no seo do expediente 2021/CCP_01/000281, a cal foi obxecto de desistencia a través de escrito presentado no Rexistro telemático ese mesmo día.

No que ao resto de solicitudes respecta, resultando que a documentación de varios expedientes estaba incompleta ou defectuosa, requiriuse aos solicitantes para que, no prazo de dez días hábiles, achegaran a documentación necesaria ou emendaran os defectos observados.

Completados os expedientes coas contestacións aos ditos requirimentos e realizadas as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe procederse á estimación ou, no seu caso, desestimación das solicitudes, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade emitíuse informe, o 3 de decembro de 2021, no que se determinou os solicitantes que se atopaban na situación que fundamentaba a concesión das subvencións ou nos que concorían as circunstancias e se cumprían as condicións e requisitos previstos nas Bases canalizadoras de aquelas para poder ser os seus beneficiarios.

Á vista dos expedientes dos ditos solicitantes e en virtude do disposto na Base 9 das canalizadoras das subvencións, unha Comisión procedeu á súa avaliación, en sesión constituída ao efecto o día 30 de novembro de 2021, utilizando para elo os criterios de valoración establecidos na Base 8 das canalizadoras das subvencións, e emitindo informe no que se concretou o resultado de aquela e a prelación das solicitudes.

Por todo canto vai exposto, á vista do expediente e do citado informe da Comisión de Avaliación prevista na Base 9 das canalizadoras das subvencións, propoño que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Ditar resolución provisional de concesión das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para apoiar a xestión e mantemento das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa e das faixas laterais das vías de titularidade municipal, na execución do Programa “O que non arde”, na anualidade 2021, en favor dos beneficiarios e nas contías que se relacionan nos anexos I e II a esta Proposta, de acordo aos criterios de determinación do importe das subvencións referidos na Base 8 da convocatoria, segundo a especificación que consta na Acta da Comisión de Avaliación.

2º.- Ditar resolución provisional de desestimación das solicitudes que se relacionan nos anexos III e IV desta proposta.

3º.- Aceptar a desistencia da solicitude formulada pola CMVMC Artojos e Pedrizas, no seo do expediente 2021/CCP_01/000281.



4º.- Outorgar a este acordo provisional o carácter de definitivo, no caso de finalizar o trámite de audiencia sen que se formulasen alegacións, o que será publicado no BOP de Lugo en na páxina web da Deputación de Lugo (www.deputacionlugo.gal) para o seu coñecemento e efectos oportunos.

5º.- Notificar este acordo provisional aos interesados, por medio de publicación nos medios citados no apartado anterior, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA RELATIVA Á MODIFICACIÓN DO PROGRAMA DE CULTURA DO CONCELLO DE BURELA, INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2021.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Logo de ver que o Pleno da Deputación de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 29 de decembro de 2020, por unanimidade acordou prestar aprobación ás bases reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.

Así mesmo, o Pleno da Deputación de Lugo en sesión ordinaria celebrada o día 30 de marzo de 2021, por unanimidade, acordou aprobar o Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2021, de acordo cos informes das distintas áreas xestoras e a memoria da Presidencia, que inclúe unha achega económica de 39.500,00 € para o programa de cultura do Concello de Burela denominado “Feira do Libro 2021; Certame Internacional de Pintura Mural Amarte Burela 2021, Certame Galego de Videoclips de Centros de Ensino de Música “Musik@rte””.

Logo de ver o escrito do Concello de Burela, expediente 2021/PES_03/024295, no que solicita a modificación do programa de cultura incluído no Plan Único de 2021, de xeito que se substitúa unha das actividades previstas, “Feira do Libro 2021” (3.900,00 €), por outras cinco

actividades “Atraccións para nenos/as no Nadal; Festa da Castaña; Música na Rúa; Día do Neno en Nadal; Carteleira Programación Cultural Decembro” polo mesmo importe.

O novo programa de cultura do Concello de Burela quedaría segundo o seguinte esquema e financiamento:

CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	APORTACIÓN CONCELLO E OUTRAS FONTES DE FINANCIAMENTO	CUSTO ESTIMADO DA ACTIVIDADE	ACTIVIDADE
BURELA	19.600,00	0,00	19.600,00	ATRACCIÓNS PARA NENOS/AS NO NADAL; FESTA DA CASTAÑA; MÚSICA NA RÚA; DÍA DO NENO EN NADAL; CERTAME INTERNACIONAL DE PINTURA MURAL AMARTE BURELA 2021, CERTAME GALEGO DE VIDEOCLIPS DE CENTROS DE ENSINO DE MÚSICA “MUSIK@RTE”

Logo de ver o informe da xefa do Servizo de Cultura favorable á modificación/substitución do programa de cultura, tendo en conta que coa incorporación das actividades propostas non se altera a súa natureza de carácter sociocultural, nin se incrementa o importe da achega provincial de 19.520,00 € prevista no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos de 2021.

Logo de ver o informe favorable do Servizo de Intervención.

Con base no exposto propoño que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

Aprobar o cambio proposto polo Concello de Burela, por considerar que a súa solicitude cumpre os requisitos establecidos no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos de 2021, procedendo a modificación do programa de cultura de xeito que se substitúa unha das actividades previstas “Feira do Libro 2021” (3.900,00 €), por outras cinco actividades “Atraccións para nenos/as no Nadal; Festa da Castaña; Música na Rúa; Día do Neno en Nadal; Carteleira Programación Cultural Decembro” polo mesmo importe, ao considerar que reúne os requisitos establecidos no Plan Único de 2021 para acceder ao solicitado.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONCESIÓN DE PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2021: RESOLUCIÓN DEFINITIVA.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Tendo en conta que a Xunta de Goberno de data 25 de xuño de 2021 acordou a aprobación das bases da convocatoria e dos modelos de solicitude de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo anualidade 2021.

Tendo en conta que o correspondente anuncio do extracto das bases da convocatoria e dos modelos de solicitude se publicou no BOP nº148, xoves 1 de xullo de 2021.

Á vista de que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o 5 de novembro de 2021, e en base ao informe da Comisión de Avaliación aprobou a resolución provisional de concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, anualidade 2021 que estableceu un prazo de dez (10) días para que os interesados puidesen presentar alegacións e que a notificación aos beneficiarios/as se realizou a través de publicación no BOP 259, do xoves 11 de novembro de 2021.

Tendo en conta que constan alegacións formuladas ao referido acordo de resolución provisional que de acordo co previsto no punto 8. Acordos de resolución e notificacións, no caso de presentarse alegacións no trámite de audiencia, o órgano instrutor, tras examinar as mesmas, formulará a proposta de resolución definitiva na que se expresará o solicitante ou solicitantes para os que se propón a concesión de premio, e no seu caso, a estimación e que en base á proposta do órgano instrutor a Xunta de Goberno resolverá o procedemento.

Á vista de que con data 2 de decembro de 2021 se celebrou reunión da Comisión de Avaliación para os efectos de avaliación e informe que proceda relativo ás alegacións formuladas ao acordo de Resolución provisional e que da avaliación das alegacións presentadas e

circunstancias expostas e en base aos argumentos e análises expostas e que constan na respectiva acta.

Por todo o exposto:

Á vista do informe da Comisión de avaliación.

Á vista do informe do servizo de Deportes.

Visto o informe do servizo de Intervención.

O Deputado Delegado que subscribe, propón a Xunta de Goberno, en base a proposta da Comisión de Avaliación:

1º.- Estimar a alegación formulada por dona María del Carmen Díaz Castro, con DNI ***5871**, en calidade, de nai da deportista dona Eva Díaz García con DNI *** 8959** en expediente 2021/PES_03/023481 e número de rexistro 2021RPE031276 e conceder o respectivo premio a deportista individual dona Eva Díaz García con DNI *** 8959** en aplicación da puntuación obtida e do procedemento de atribución de premios establecida nas bases da convocatoria.

2º.- Estimar a alegación formulada por dona María del Carmen Suárez Moure, con DNI ***1947** en calidade de nai da deportista dona Laura Álvarez Suárez con DNI *** 6371** en expediente 2021/PES_03/023770 e número de rexistro 2021RPE031541 e conceder o respectivo premio a deportista individual dona Laura Álvarez Suárez con DNI *** 6371** en aplicación da puntuación obtida e do procedemento de atribución de premios establecida nas bases da convocatoria.

3º.- Desestimar a alegación formulada por Victoria Eugenia Otero Fernández, con DNI ***2073** en calidade de nai da deportista don Elías Klein Otero con DNI ***9130** en expediente 2021/PES_03/024105 e número de rexistro 2021RPE031895 por se tratar dun erro



formal de indicación da causa de desestimación reflectido no acordo de resolución provisional e que non afecta a valoración e atribución de premios.

4º.- Aprobar a resolución definitiva de concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, anualidade 2021, na que se expresará o/a solicitante ou solicitantes para os/as que se propón a concesión de premios, especificando os criterios de valoración utilizados na avaliación e que constan nas listaxes que se achegan anexadas á acta da Comisión de avaliación e que inclúe ademais aquelas solicitudes desestimadas por non cumpriren os requisitos establecidos nas bases.

5º.- Notificar o presente acordo de resolución definitiva, ao abeiro do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por medio de publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BOLSAS DE ESTUDOS CURSO 2020/2021.

Logo de ver a proposta da Sra Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Por acordo da Xunta de Goberno de 15 de outubro de 2021, aprobáronse as Bases do Concurso, para adxudicación de Bolsas de Estudos, correspondente ao curso 2020-2021, convocado no Boletín Oficial da Provincia nº 238 de data 16 de outubro de 2021, para os empregados públicos da Excma. Deputación Provincial, afectados polo ámbito de vixencia do Acordo Marco Único para persoal funcionario e do Convenio Colectivo Único para persoal laboral, da Deputación Provincial de Lugo.

De acordo co establecido na Base décima das mesmas, esta Presidencia, en representación da Comisión da Valoración, que celebrou reunión o día 2 de decembro de 2021, formula ante a Xunta de Goberno, a seguinte proposta:

Outorgar ao persoal funcionario, funcionarios interinos, laboral fixo, laboral temporal, xubilado, e orfos, desta Deputación provincial que se relaciona no Anexo, as contías que se sinalan na citada relación en concepto de axudas para bolsas de estudos correspondentes ao curso 2020-2021, cuxos importes ascenden as seguintes cantidades:

Propios Funcionarios	2.149,64 €
Propios Funcionarios Interinos	6.915,39 €
Total Propios Funcionarios	9.065,03 €
Propios Laboral Fixo	992,27
Propios Laboral Temporal	185,27
Total Propios Persoal Laboral	1.177,54 €
Beneficiarios Funcionarios	48.256,41 €
Beneficiarios Funcionarios Interinos	18.648,49 €
Total Beneficiarios Funcionarios	66.904,90 €
Beneficiarios Persoal Laboral Fixo	11.025,30 €
Beneficiarios Persoal Laboral Temporal	6.904,03 €
Total Beneficiarios Persoal Laboral	17.929,33 €
Total Beneficiarios Orfos	1.432,18 €
Total Beneficiarios Xubilados	6.592,10 €
TOTAL	103.101,08 €

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS AXUDAS DOS GASTOS DE GARDERÍA DENDE O 1 DE SETEMBRO DE 2020 ATA O 31 DE AGOSTO DE 2021.

Logo de ver a proposta da Sra Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:



“Por acordo da Xunta de Goberno de 15 de outubro de 2021, aprobáronse as Bases do Concurso, para adxudicación de axudas de garderías para fillos/as e orfos/as dos empregados públicos da Deputación Provincial de Lugo, correspondentes ao período comprendido entre o 1 de setembro do 2020 e o 31 de agosto do 2021, convocado no Boletín Oficial da Provincia nº 238 de data 16 de outubro de 2021, afectados polo ámbito de vixencia do Acordo Marco Único para persoal funcionario e do Convenio Colectivo Único para persoal laboral, da Deputación provincial de Lugo.

De acordo co establecido na Base sétima das mesmas, esta Presidencia, en representación da Comisión da Valoración, que celebrou reunión o día 2 de decembro de 2021, formula ante a Xunta de Goberno, a seguinte proposta:

Outorgar ao persoal funcionario, funcionarios interinos, laborais temporais e xubilados, desta Deputación Provincial que se relaciona no Anexo, as contías que se sinalan na citada relación en concepto de axudas de garderías para fillos/as e orfos/as dos empregados públicos da Deputación Provincial de Lugo, correspondentes ao período comprendido entre o 1 de setembro do 2020 e o 31 de agosto do 2021, cuxos importes ascenden as seguintes cantidades:

Funcionarios	420,00 €
Funcionarios Interinos	3.196,88 €
Total Funcionarios	3.616,88 €
Persoal Laboral Fixo	885,44 €
Persoal Laboral Temporal	1.702,77 €
Total Persoal Laboral	2.588,21 €
TOTAL	6.205,09 €

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN OU REHABILITACIÓN DE VIVENDA, ANO 2020.

Logo de ver a proposta da Sra Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Por acordo da Xunta de Goberno de 15 de outubro de 2021, aprobáronse as Bases do Concurso, para adxudicación de axudas na adquisición ou rehabilitación da vivenda habitual para os empregados públicos da Deputación Provincial de Lugo, correspondentes ao 2020, convocado no Boletín Oficial da Provincia nº 238 de data 16 de outubro de 2021, afectados polo ámbito de vixencia do Acordo Marco Único para persoal funcionario e do Convenio Colectivo Único para persoal laboral, da Deputación Provincial de Lugo.

De acordo co establecido na Base sétima das mesmas, esta Presidencia, en representación da Comisión da Valoración, que celebrou reunión o día 2 de decembro de 2021, formula ante a Xunta de Goberno, a seguinte proposta:

Outorgar ao persoal funcionario, funcionarios interinos, laborais e xubilados, desta Deputación Provincial que se relaciona no Anexo, as contías que se sinalan na citada relación en concepto de axudas na adquisición ou rehabilitación da vivenda habitual para os empregados públicos da Deputación Provincial de Lugo, correspondentes ao 2020, cuxos importes ascenden as seguintes cantidades:

Funcionarios	5.741,05 €
Funcionarios Interinos	3.687,64 €
Total Funcionarios	9.428,69 €
Persoal Laboral Fixo	3.033,45 €
Persoal Laboral Temporal	463,24 €
Total Persoal Laboral	3.496,69 €
Total Xubilados	681,08 €
TOTAL	13.606,46 €

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO Nº 267/2021.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:



“En relación co oficio do Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se reclama a esta entidade o expediente administrativo do recurso nº267/2021-P interposto por D. Fernando Arias López fronte á resolución de data 3 de agosto de 2021 desestimatoria da reclamación previa formulada polo recorrente polos danos sufridos no seu vehículo matrícula 1067*** cando circulaba “por la carretera LU-P-6513, tramo urbano conocido como rúa do Rollo, en sentido al centro de Villalba, a la altura del punto kilométrico 0.480, debido a la presencia de placas de hielo en la calzada, y al estado deslizante en el que se encontraba la vía...”, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Conta e cumprimento de Dilixencia de Ordenación, de data 15 de outubro de 2021, ditada polo Xulgado do Social nº1 de Lugo en relación co procedemento: execución de títulos xudiciais 138/2019 (procedemento de orixe: DSP 145/2018).

Dase conta da Dilixencia de Ordenación, de data 15 de outubro de 2021, ditada polo Xulgado do Social nº1 de Lugo, na execución de títulos xudiciais 138/2019 dentro do procedemento DSP 145/2018, seguido a instancia de Dª Paula María del Campo Rodríguez, en cuxo fallo dí o seguinte: “*se requiere a la Deputación Provincial de Lugo para que abone la cantidad de 210,95 euros a la ejecutante Dña. Paula María del Campo Rodríguez en concepto de costas, debiendo hacer el ingreso en la cuenta abierta por este Juzgado en el Banco Santander*”.

A Xunta de Goberno queda enterada, acordándose por unanimidade dos asistentes, dar cumprimento á citada Dilixencia; e vista a proposta da Asesoría Xurídica, proceder ao aboamento na conta do Xulgado do Social nº 1 de Lugo a cantidade de 210,95 euros en concepto de custas.

16.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.